

PEZA: Cruz de Afonso III

CRONOLOXÍA: orixinal 874 – réplica 2004.

Nº DE INVETARIO: D-1461

Peza favorita de María Lorenzo Rubio

O que vemos actualmente no Museo das Peregrinacións e de Santiago é unha réplica dunha peza que estivo presente nos momentos máis importantes para a catedral e a historia da cidade de Santiago. Aparece vinculada á basílica de Afonso III, quen ordena construír un templo máis grande para acoller o gran número de peregrinos que viñan visitar o Apóstolo. Desde a súa creación no 874, foi retocada mediante a colocación e retirada de apliques. Para comprender mellor a súa evolución, contamos con descricións e fotografías que deixaron constancia do seu estado en diversas épocas. Isto permite que na actualidade, poidamos crear unha reconstrución, ou polo menos imaxinar os cambios que foi sufrindo, resaltando así a importancia da vida dos obxectos ao longo da historia como testemuñas silentes pero de gran importancia.

Pero a cruz de Afonso III gaña aínda máis interese ao ser roubada no 1906, a partir deste momento, non volvemos a ter noticias dunha peza tan significativa para a cidade de Santiago. Nun afán por devolver tan prezado obxecto, créanse varias réplicas imitando a orixinal, a nosa peza, correspóndese ao ano 2004 da man do Taller Ángel S. L., usando os procedementos artesanais e as testemuñas existentes para achegarse ao máximo a aquela peza doada por Afonso III.

Liña temporal

- 874. Doazón.
Data na que Afonso III e dona Ximena doan a cruz á basílica de Santiago.
- 899. Consagración.
A cruz é utilizada para a consagración da basílica de Afonso III.
- 21 de abril de 1211. Consagración.
Sendo rei Afonso IX, a cruz esta presente na consagración da catedral de Santiago de Compostela.
- 1572. Testemuñas: Ambrosio de Morales.
Coa aprobación de Felipe II, Ambrosio de Morales realiza unha serie de viaxes co fin de coñecer as obras máis significativas da historia de España baixo o título de [*Relación del viaje que Ambrosio de Morales Chronista de*](#)

[S.M. hizo por su mandato el año de 1572 a Galicia, Asturias y León](#). Esta peregrinación aporta datos sobre a cruz, pois escribe que na catedral de Santiago había tres cruces con *lignum crucis* e que [unha delas] "é moi pequena cun crucifixo atiquísimo e téñena asida nunha cruz de ouro moi semellante á dos anxos de Oviedo no telle e na labor, salvo que a de Oviedo é un pouco maior".

- 1572. Testemuñas: Ambrosio de Morales.
Segundo as últimas investigacións, [Francisco Prado Vilar](#) indica que esta cruz sería a denominada como cruz de Ordoño II. Porén, [Serafín Moralejo](#) sinalou que é unha obra posterior a Ordoño II, pertencente ao século XI e asociada a obradoiros xermánicos que traballaban para Fernando I.
- 1600. Antonio López Ferreiro.
Para o historiador, foi no século XVII cando se lle coloca a cruz de Ordoño II, pero sabemos mediante o testemuño de Ambrosio de Morales, que xa estaba colocada. Continúa dicindo que esta cruz [a de Ordoño II], "cóbrese cunha chapa de prata dourada, de pésimo gusto, sobre a cal se aplicou un crucifixo tamén de prata" – [Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela](#).
- 1866. Testemuñas: José de Villaamil y Castro.
No 1866 publica [Descripción histórico-artística-arqueológica de la Catedral de Santiago](#), incidindo que a cruz ten outro Cristo que non é o de Ordoño II: "O Cristo é unha aplicación moi posterior". Sendo este ao que xa se refería Antonio López Ferreiro.
- 1867. Fotografías: Thurson Thompson.
O fotógrafo británico, capta as imaxes máis antigas que conservamos. Vemos os engadidos aos que se referían os diversos autores anteriores, un crucifixo de chapa de prata dourada que cubriría a cruz de Ordoño II, a modo de protección. Estes engadidos serán retirados posteriormente.
- 1899. Testemuñas: Antonio López Ferreiro.
Aproximadamente, sería nestas datas cando [López Ferreiro](#), afirma que se retiran todos os engadidos anteriores, "para intentar recuperar o aspecto orixinal".
- 1906. Fototipias: Hauser y Menet.

Ata os recentes achados de [Francisco Prado Vilar](#), estes eran as únicas imaxes que se conservaban da cruz de Afonso III, carente dos engadidos antes mencionados.

- 7 de maio de 1906. Roubo.

A Cruz de Afonso III desaparece da Capela das Reliquias. [La Voz de Galicia \(9/05/1906\)](#).

- 1917. Réplica.

Once anos despois dáse por perdida a cruz e encárgase unha réplica de bronce dourado ao prateiro Ricardo Martínez Costoya. Inscripción: FACSIMIL DE LA CRUZ REGALADA POR ALFONSO III EL MAGNO (SIGLO IX). Firma: R. MARTINEZ FECIT 1917.

- 2004. Nova réplica.

Foi encargada a un [taller compostelán](#), seguindo os mesmos procedementos artesanais coas que foi realizada a cruz orixinal no século IX. As fototipias de Hauser y Menet, así como moitas das descrições citadas nesta liña temporal, foron a fonte de información empregada para conseguir unha réplica o máis lograda posible. Tívoise en consideración respectar algúns dos moitos apliques cos que contou a peza ao longo dos séculos. Finalmente, púidose reconstruír acatando a orixinalidade grazas ás investigacións para poder recuperar os elementos perdidos.

Enlace á liña temporal

<https://bit.ly/3WiKluf>

Análise artístico

Cruz grega ou quadrata con catro brazos unidos mediante un disco central. Sobre unha base interior de madeira, aplícanse as pranchas de ouro que cobren toda a estrutura cunha serie de cravos disimulados a modo de ornamentación.

- Anverso: replícase un medallón central segundo as comparacións con outros modelos coma a Cruz de Anxos de Oviedo, en posición radial de doce pedras e unha central de maior tamaño. Diversos motivos de filigrana feitos con minúsculos fíos de ouro decoran a base. Nos brazos séguese o mesmo modelo, cadenetas en zigzag rodean as pedras preciosas (topacios, ametistas, turquesas, perlas, cristais de rocha...) creando motivos xeométricos, mentres que a base vai decorada tamén mediante pequenos cálices e fíos en forma de "C".

- Reverso: broche ou fíbula visigoda na parte central, de factura anterior pero logo engastada na cruz. Vemos un esmalte tabicado mediante a técnica de *cloisonné*, onde se representan dúas pombas brancas con manchas vermellas picando un acio de uvas azulado (alusión á Eucaristía). Esta escena enmarcase cunha cenefa de perlas e logo un cordón de ouro, na parte máis exterior volve estra rodeada por oito pedras preciosas e a filigrana en ouro. Na parte máis externa dos brazos engástanse catro pedras rodeadas de perlas e outras pedras de menor tamaño, posiblemente facendo alusión aos catro evanxelistas. Na base dos brazos non vemos toda a filigrana que envolve o resto da cruz, pois vemos a inscrición conforme Afonso III e Ximena doan a cruz: +OB HONOREM SANCTI IACOBI APOSTOLI / OFFERVNT FAMVLI DEI ADEFONSVS PRINCPS CVM CONJVGE / SCEMENA REGINA HOC OPVS PERFECTVM EST / IN ERA DCCCCA DVODECIMA HOC SIGNO TVETVR PIVS / HOC SIGNO VINCITVR INIMICVS.

Bibliografía

- Pérez Varela, A. (2018): "Del Rey al Apóstol: la cruz compostelana de Alfonso III como exvoto real en la catedral de Santiago de Compostela y sus reproducciones en el siglo XX". En: Cañestro Donoso, A. (coord.): *Scripta artium in honorem prof. José Manuel cruz Valdovinos*. Vol. 2. [pp. 1028-1043]. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6840206>
- Prado Vilar, F. (2020): "Na procura do tesouro perdido da Catedral de Santiago". En: culturagalega.gal. Recuperado de: <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=31001>
- Reconstrucción de la Cruz de Alfonso III*. En: caminodesantiago.gal. Recuperado de: <https://www.caminodesantiago.gal/documents/17639/96890/Réplica%20da%20cruz%20de%20Alfonso%20III%20el%20Magno%20%28866-909%29?version=1.0>

Texto: María Lorenzo Rubio